PROPOSTAS DE ACTIVIDADES EN SECUNDARIA

INFORMACIÓN

Mentres persista a violencia dentro da familia e a nosa sociedade a tolere, moitas mulleres permanecerán nese ambiente familiar de maltrato que pode causarlles inseguridade, medo e, nalgúns casos, a morte.

A violencia contra as mulleres é un importante problema social e político da actualidade:

¿Que é a Violencia?

Fálase de maltrato, violencia ou abuso, cando unha persoa, a través do seu comportamento, provoca dano físico ou emocional a outra persoa.

Os malos tratos poden ser de distintos tipos:

Físicos: Desde un empurrón intencionado, unha labazada ou arroxar obxectos, ata o extremo do asasinato.

O maltrato físico, ademais de pór en risco a saúde e a vida das persoas agredidas nos casos máis extremos, provoca medo intenso e sentimentos de humillación, que van destruíndo a autoestima das persoas.

Psicolóxicos: Aquí entrarían actos coma os insultos ("es unha puta"), os desprezos ("non vales para nada"), as humillacións e chanzas ("¿Quen te vai querer con esa cara?"). Tamén supón violencia psicolóxica ignorar a unha persoa (non falar a alguén ou facer como se non existise) e tamén a ameaza de agresión física ("como non me fagas caso, pártoche a cara"). O maltrato psicolóxico continuado, igual que o físico, provoca sentimentos de humillación, que van destruíndo a autoestima das persoas.

Sexuais: Calquera contacto sexual non desexado. Desde levantar as saias a unha rapaza, ata a violación.

As agresións sexuais tamén producen fortes sentimentos de humillación e polo tanto, producen danos psicolóxicos.

1) BUSQUEDA DE INFORMACIÓN

A. Por parellas, anotar, seguindo a folla de rexistro ANEXA, durante unha semana as situacións de violencia entre iguais que teñan observado ou vivido no seu entorno (clase, corredores, recreos, rúa, lugares de diversión, ...)

B. Por parellas, organizar a información recollida na actividade anterior, segundo o seguinte esquema:

- Número e tipo de actos violentos.
- Momentos e lugares máis frecuentes.

- Porcentaxe, por sexos, das persoas que inician o acto violento.
- Tipos de respostas aos actos violentos, en función do xénero.
- Comportamentos máis frecuentes das persoas que presencian la situación.

C. Presentar, por parellas, ao grande grupo os resultados obtidos.

D. En grande grupo, analizar os resultados obtidos e elaborar por escrito as conclusións, respecto a:

- Tipo de actos violentos máis frecuentes.
- Lugares onde se dan.
- Influencia do xénero nos tipos de actos violentos e nas respostas ante os mesmos.
- Comportamento máis frecuente nas persoas que presencian as escenas violentas.

DATA E LUGAR

PERSOA QUE INICIA (Rapaz-Rapaza)

¿QUE FAI?

PERSOA QUE RECIBE (Rapaz-Rapaza)

¿QUE FAI?

¿QUE FAN AS PERSOAS QUE PRESENCIAN A ESCENA?

OUTRAS OBSERVACIÓNS

2) ¿PODEN XERAR ESTES CHISTES VIOLENCIA SEXISTA? RAZOA A TÚA RESPOSTA

ALCOHOL E MULLERES

¿Sabes por que o alcohol ten células femininas? Porque cando alguén se embebeda, conduce mal e non deixa de dicir parvadas.

MULLERES INTELIXENTES

¿Como se sabe cando unha muller dirá algo intelixente? Porque comeza a frase dicindo: "Escoitei a un home dicir..."

ERROS FEMININOS

¿Por que as mulleres din que elas non se equivocan? Porque hai un dito que di: "O errar é de humanos”

ADÁN E EVA

¿Por que fixo Deus a Adán antes que Eva? - Para darlle unha oportunidade de falar.

HOMES CONTAMINANTES

¿Que fai un home tirando a unha muller por unha fiestra? Contamina o medio ambiente.

3) INTOLERANCIA Á VIOLENCIA

Finalidades

- ✓ Ensinar a integrar a idea de que NADA XUSTIFICA A VIOLENCIA ÁS MULLERES E Á INFANCIA. É UN DELITO. NINGUÉN TEN POR QUE TOLERAR ABUSOS DOUTRA PERSOA.

Actividades

- ✓ Tomando o seguinte mito: "OS HOMES VIOLENTOS PEGAN PORQUE SE EMBEBEDAN....ESTÁN CELOSOS....SOFREN....ESTÁN ENFERMOS".
- ✓ Expor a seguinte realidade: "OS HOMES VIOLENTOS PEGAN PORQUE QUEREN MANDAR NAS MULLERES, SER OS SEUS XEFES".
- ✓ Explicar: "As mulleres que se embebedan, están celosas, sofren ou están enfermas non pegan ás súas parellas ou maridos".
- ✓ Rematar lembrando o dereito: "NINGUÉN TEN DEREITO A PEGAR A OUTRA PERSOA AÍNDA QUE TEÑA PROBLEMAS, SÓ EN DEFENSA PROPIA".
- ✓ Por exemplos escollidos das noticias ou algún caso coñecido, sen violar a intimidade de ninguén coñecido polo alumnado.
- ✓ Dialogar en torno a estes e outros exemplos que poñan con quendas de palabra breve e asegurándose que as nenas ou os nenos máis expresivos non dominen a situación.

Suxestións.

- ✓ Realizar un mural coa súa clase no que se exprese un NON Á VIOLENCIA e un SI Á XUSTIZA.

Conclusións

- ✓ ¿Cre que se nota a tolerancia á violencia na súa clase? ¿Quen toleran? Faga subgrupos despois de ter observado a tolerancia/intolerancia expondo as súas percepcións.
- ✓ ¿Percibiu tolerancia en si mesma/o?

4) ACTIVIDADE DE ANÁLISE DE CANCIÓNS DE AMOR ACTUAIS

GUIÓN DE TRABALLO CON CANCIÓNS

Para traballar individualmente, en pequeno grupo ou gran grupo como se determine en cada caso.

1. Cada persoa elixe unha frase que lle resulte significativa e explica o por que.
2. Buscar algunha das causas da violencia de xénero que aparezan nas letras destas cancións. ¿coñeces máis?
3. Buscar algunhas consecuencias da violencia de xénero que aparezan nestas cancións. ¿coñeces máis?
4. Que saídas propoñen algunhas das cancións ante a situación da violencia de xénero. Selecciona algunhas frases e coméntaas.

BEBE – Ella

Ella sa cansao de tirar la toalla
se va quitando poco a poco telarañas
no ha dormido esta noche pero no esta cansada
no mira ningún espejo pero se siente to' guapa
Hoy ella sa puesto color en las pestañas
hoy le gusta su sonrisa, no se siente una extraña
hoy sueña lo que quiere sin preocuparse por nada
hoy es una mujé que se da cuenta de su alma
Hoy vas a descubrir que el mundo es solo para ti
que nadie puede hacerte daño, nadie puede hacerte daño
Hoy vas a comprender
que el miedo te puede romper con un solo portazo.
Hoy vas a hacer reir
porque tus ojos se han cansado de ser llanto, de ser llanto…
Hoy vas a conseguir
reir tanto de ti y ver que lo has logrado que…
Hoy vas a ser la mujé
que te dé la gana de ser
Hoy te vas a querer
como nadie ta sabio queré
Hoy vas a mirar pa'lante
que pa atrás ya te doy yo bastante
una mujé valiente, una mujé sonriente

mira como pasa
Hoy nasié la mujé perfecta que esperaban
ha roto sin pudore las reglas marcadas
Hoy a calzado tacone para hacer sonar sus pasos
Hoy sabe que su vida nunca mas será un fracaso.

BEBE – Malo

Apareciste una noche fria
con olor a tabaco
sucio y a ginebra
el miedo ya me recorría
mientras cruzaba los deditos tras la puerta
Tu carita de niño guapo
se ha ido comiendo el tiempo por tus venas
y tu inseguridad machista
se refleja cada día en mis lagrimitas
Una vez más, no por favor que estoy cansá
y no puedo con el corazón
Una vez más, no mi amor por favor,
no grites que los niños duermen
Una vez más, no por favor que estoy cansá
y no puedo con el corazón
Una vez más, no mi amor por favor,
no grites que los niños duermen.
Voy a volverme como el fuego
voy a quemar tus puños de acero
y del morao de mis mejillas sacar valor
para cobrarme las heridas.
Malo, malo, malo eres
no se daña a quien se quiere, no

tonto, tonto, tonto eres
no te pienses mejor que las mujeres
Malo, malo, malo eres
no se daña a quien se quiere, no
tonto, tonto, tonto eres
no te pienses mejor que las mujeres
El dia es gris cuando tu éstas
Hoy vas a descubrir que el mundo es solo para ti
que nadie puede hacerte daño, nadie puede hacerte daño
Hoy vas conquistar el cielo
sin mirar lo alto que queda del suelo
Hoy vas a ser feliz
aunque el invierno sea frio y sea largo, y sea largo...
Hoy vas a conseguir
reir tanto de ti y ver que lo has logrado...
Hoy vas a descubrir que el mundo es solo para ti
que nadie puede hacerte daño, nadie puede hacerte daño
Hoy vas a comprender
que el miedo te puede romper con un solo portazo.
Hoy vas a hacer reir
porque tus ojos se han cansado de ser llanto, de ser llanto...
Hoy vas a conseguir
reir tanto de ti y ver que lo has logrado ohhhh...
y el sol vuelve a salir cuando te vas
y la penita de mi corazón
yo me la tengo que tragar con el fogón
mi carita de niña linda
se ha ido envejeciendo en el silencio
cada vez que me dices puta
se hace tu cerebro más pequeño
Una vez más, no por favor que estoy cansá
y no puedo con el corazón
Una vez más, no mi amor por favor,

no grites que los niños duermen
Una vez más, no por favor que estoy cansá
y no puedo con el corazón
Una vez más, no mi amor por favor,
no grites que los niños duermen.
Voy a volverme como el fuego
voy a quemar tus puños de acero
y del morao de mis mejillas sacar valor
para cobrarme las heridas.
Malo, malo, malo eres
no se daña a quien se quiere, no
tonto, tonto, tonto eres
no te pienses mejor que las mujeres
Malo, malo, malo eres
no se daña a quien se quiere, no
tonto, tonto, tonto eres
no te pienses mejor que las mujeres.

AMARAL- Sin tí no soy nada

Sin ti no soy nada,
Una gota de lluvia mojando mi cara
Mi mundo es pequeño y mi corazón pedacitos de hielo
Solía pensar que el amor no es real,
Una ilusión que siempre se acaba
Y ahora sin ti no soy nada
Sin ti niña mala,
Sin ti niña triste
Que abraza su almohada
Tirada en la cama,
Mirando la tele y no viendo nada
Amar por amar y romper a llorar
En lo más cierto y profundo del alma,
Sin ti no soy nada

Los días que pasan,
Las luces del alba,
Mi alma, mi cuerpo, mi voz, no sirven de nada
Porque yo sin ti no soy nada
Sin ti no soy nada
Sin ti no soy nada
Me siento tan rara,
Las noches de juerga se vuelven amargas
Me río sin ganas con una sonrisa pintada en la cara
Soy sólo un actor que olvidó su guión,
Al fin y al cabo son sólo palabras que no
dicen nada
Los días que pasan,
Las luces del alba,
Mi alma, mi cuerpo, mi voz, no sirven de nada
Qué no daría yo por tener tu mirada,
Por ser como siempre los dos
Mientras todo cambia
Porque yo sin ti no soy nada
Sin ti no soy nada
Sin ti no soy nada.

Hey,
Mañana avísame si acaso te demoras
Yo estaré esperándote a la misma hora
En el colegio donde por la tarde a solas
Voy a tenerte mía, voy a besuquiarte toa'
Mañana dime si algún hombre te incomoda
Pa' reventarlo y que sepa que no estas sola
Yo voy a toa' por ti
Yo moriría por ti
Yo mataría por ti
A cualquier hora

Mañana avísame si acaso te demoras
Yo estaré esperándote a la misma hora
En el colegio donde por la tarde a solas
Voy a tenerte mía, voy a besuquiarte toa'
Mañana dime si algún hombre te incomoda
Pa' reventarlo y que sepa que no estas sola
Yo voy a toa' por ti
Yo moriría por ti
Yo mataría por ti
A cualquier hora
Pal' carajo lo que piense la directora
De que te fui a buscar con mis socios en motora
Yo lo que quiero es que salgas
Gatita, te añora tu gato
Sal por favor que pasan las horas
Yo solo quiero es que tu me enseñes
Que eres una muchacha decente
Y aunque en el brazo llevo tatuajes
Dice la gente que soy un gangster
Pero to's mienten
Loca con que llegue el fin de semana
Pa' meterle las cabras a tu hermana
De que vas pal' cine con tus panas
Un placer tenerte en mi cama
Nunca madruga para ir a la escuela
Siempre me llama por si el timbre no suena
Yo dando rondas esperándote afuera
Y tu te asomas cuando mi canción suena
Hay rumores de que te enamoraste
Y a tus amigas de mi les contaste
Que aunque muchos gente dice que soy gangster
Nadie podrá con este romance
Hey,

Mañana avísame si acaso te demoras
Yo estaré esperándote a la misma hora
En el colegio donde por la tarde a solas
Voy a tenerte mía, voy a besuquiarte toa'
Mañana dime si algún hombre te incomoda
Pa' reventarlo y que sepa que no estas sola
Yo voy a toa' por ti
Yo moriría por ti
Yo mataría por ti A cualquier hora
Habla con el viejo pa' ver si te escucha
Aunque te pichée yo sigo en la lucha
Cuéntale que cantas mis canciones en la ducha
Y que tus emociones son muchas
Que mi único pecado fue amarte
Y ser dueño de todas tus partes
Suegro, no pichée, usted lo vivió antes
La nena se va conmigo después de graduarse
Hey,
Mañana avísame si acaso te demoras
Yo estaré esperándote a la misma hora
En el colegio donde por la tarde a solas
Voy a tenerte mía, voy a besuquiarte toa'
Mañana dime si algún hombre te incomoda
Pa' reventarlo y que sepas que no estas sola
Yo voy a toa' por ti
Yo moriría por ti
Yo mataría por ti
A cualquier hora.....
Hey,
Mañana avísame si acaso te demoras
Mañana avísame si acaso te demoras
Mañana avísame si acaso te demoras

CONTESTA ÁS SEGUINTES CUESTIÓNS:

1.- Case sempre é o home o que maltrata á muller ¿ Por que cres que é así?.

2.- ¿Por que cres que unha persoa que é maltratada pola súa parella, cala, aguanta

e segue a convivir con esa persoa?

3.- ¿Cres que as persoas próximas a unha parella que convive con violencia , poden facer algo para impedir esta situación?

4.- ¿ Cres que a sociedade pode facer algo para que diminúa o maltrato contra as mulleres?

5) ACTIVIDADES A PARTIR DA PELÍCULA"Te doy mis ojos"

Tema: patriarcado, violencia de xénero, violencia directa.
Bacharelato

Ficha técnica:

Nacionalidade: España.
Directora: Icíar Bollaín.
Ano: 2003
Duración: 106'.
Intérpretes: Laia Marull, Luis Tosar, Candela Peña, Rosa María Sardá, Sergi Calleja, Nicolás Fernández Luna.
Calificación: 13 anos.
Sinopse: Esta é a historia dun matrimonio, o de Pilar e Antonio, marcado polos malos tratos que sofre ela. É a historia dun home que se tenta impor sempre e unha muller que se entrega ata non saber xa quen é. É unha historia de destrucción e autodestrucción, dun círculo do cal é necesario saír para poder sobrevivir.Tamén é a historia de todos aqueles que rodean á parella: unha nai que consente e non quere ver o dor pola que a súa filla está a pasar, unha irmá que non entende e que non sabe como axudar a Pilar, un fillo que olla e cala, unhas amigas que descoñecen o que pasa e unha sociedade que debe revisar as estructuras do patriarcado antes que estas acaben co xénero feminino.

Obxectivos pedagóxicos:

Valores: autoestima, dignidade, respecto, consecuencias da violencia, solidariedade.
Conceptos a traballar: patriarcado, xénero, violencia de xénero, estereotipos, empoderamento.
Actitudes:
--Adquirir unha actitude crítica ante as estruturas sociais criadas polo patriarcado que fomentan a violencia de xénero.

--Adquirir ferramentas de empoderamento, fomentar a autoestima, fortalecer a personalidade.

Propostas de actividades.

Preguntas para analizar os contidos do filme.

1- Ao inicio do filme, Pilar vaise a casa da súa irmá Ana. Antonio, o seu home, presentase alá con un regalo e xúralle que vai mudar, que esta vez si que vai mudar, ao que Pilar responde: "Teño medo. *Síntoo, teño medo".*

- Credes que o amor, o agarimo, o respecto, se poden mercar?
- Por o que ela lle di "o sinto"? É seica ela a culpábel de ter medo como para ter que pedirlle perdón?

2- Antonio comeza a ir a unha terapia para maltratadores. Nela os homes tentan xustificar por o que pegan.

- Hai realmente algún motivo para actuar con violencia?
- Que é o que leva a unha persoa a maltratar a quen din amar?
- ¿Os maltratadores teñen cura? Son enfermos, ou non?
- ¿Credes que existen estruturas sociais que propician a violencia de xénero?
- É dicir,a figura do maltratador xurde como unha patoloxía psíquica ou é froito dunha estrutura social (ou ambas cousas)?
- Que é o que leva a unha muller maltratada a aturar ser agredida?

3. Pilar perdeu a súa identidade, a súa ollada, a súa visión do mundo, deixou de ser ela mesma para se converter no que dela espera Antonio.

- A que pode deberse isto?
- Credes que se estableceu unha relación de poder, mais que unha relación afectiva, entre Pilar e Antonio?
- Considerades que debe haber un membro da parella que exerza autoridade sobre o outro membro?
- ¿Considerades que a violencia de xénero é un problema de parella ou tratase mais ben dun problema social e cultural?
- ¿Por o que credes que o filme se titula "*Te doy mis ojos*"?Tomade como guía a cena na que Pilar e Antonio teñen unha reconciliación e Pilar pronuncia esas palabras.
- ¿Como miran os protagonistas? Que che inspiran, ou que che suxiren as miradas?

-4.Nunha escena do filme Antonio regálalle a Pilar un libro de arte. Mais adiante, durante unha agresión a Pilar, rómpeo.

- Que credes que simboliza esta actuación?
- Que representa o libro?
- Que está a romper realmente Antonio cando arrinca as follas do libro?

- Que constitúe a arte para Pilar?

6) INVESTIGACIÓN

- Ir á comisaría da vila, ou concello, e averiguar se se denuncian casos de malos tratos.De que tipo son (mulleres, nenos, homes, que idades son mais frecuentes, estrato social, etc.)?
- Ir a un centro de mulleres maltratadas e analizar os diferentes estados emocionais polos cales pasan estas mulleres.Como é o proceso de perda de personalidade e como é o proceso de empoderamento.
- Analizar se a violencia de xénero se dá en todas as sociedades. Hai algún tipo de sociedade na cal non sexa común o maltrato?
- Analizar o concepto de patriarcado. No que consiste? Do que se nutre? Ou que consecuencias ten?

Avaliación conxunta.—Poñede en común como vos sentístedes durante a elaboración desta unidade didáctica. Analizade os vosos sentimentos.--Poñede en común como foi o traballo realizado, tanto coas preguntas como coa investigación. Custouvos moito atopar material para a investigación?

Anexo.

Empoderamento: ***facer que alguén teña o poder suficiente para levar a súa propia vida, para non depender de ninguén; capacitación para conducir a propia vida, para desenvolver as súas capacidades coas que levar a cabo o seu proxecto de vida (ademais de satisfacer as necesidades básicas); desenvolvemento das propias capacidades para non ser servo de ninguén.***

BIBLIOGRAFIA E FONTES EMPREGADAS:

- **URRUZOLA, María José. "Introducción a la Filosofía Coeducadora", Maite Canal. Editora, 1995.**
- **VARIOS/AS. El harén pedagógico. Edt. Graó. Biblioteca Aula. 2000.**

- **VARIAS. " Unidades Didácticas Coeducativos II" Edt:Consejeria de Educación y Ciencias. CPR de Xixón. Asturias 2003.**
- **VARIAS. Materiais didácticos para a prevención da violencia de xénero. Educación Secundaria. Edt: Consejería de Educación y Ciencia. Junta de Andalucía.1999**
- **JIMENEZ Aragones, Pilar. Materiais didácticos para a prevención da violencia de xénero. Edt. Consejería de Educación y Ciencias. Junta de Andalucía.1999**
- **USTEA "Mujeres Andaluzas para el siglo, XX...Unidade Didáctica para Primaria e Secundaria (II). Secretaría de la Mujer de USTEA. Córdoba 2002.**
- **LARA Castaño, Ana Isabel " Materiais Didácticos para a Visualización da Muller en Melilla" Edt: Grupo Editorial Universitario. Granada 2004**
- **VARIAS. " EL MISTERIO DEL CHOCOLATE EN LA NEVERA" Proposta Didáctica para Educación Infantil e Primaria. Edt: Instituto de la Mujer. Madrid 2003**
- **Actividades sobre a película "Te doy mis ojos" baseadas nas da páxina web de Amnistía Internacional.**